**SESION ORDINARIA DE 25 DE XUÑO DE 2024**

**(Acta número 07)**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
Dª. Carmen José López Rodríguez
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
Dª Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
Dª. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
Dª. María del Carmen López Moreno

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Gloria Baamonde Tomé

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e cinco de xuño de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora Dª. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 1/45 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de maio de dous mil vinte e catro, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=1

**PARTE RESOLUTIVA**

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS Ó TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Esta Deputación Provincial procedeu a creación dun Tribunal específico no seu ámbito territorial e asimesmo para calesquera entes dependentes como órgano especializado e funcionalmente independente que ostentará a competencia para resolver os recursos especiais en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), ao amparo do previsto no artigo 46.4 in fine da devandita Lei.

O apartado 4 do artigo 46 LCSP, de carácter básico, respecto ao órgano competente para a resolución do recurso especial, expresa que:

*"En todo caso, los Ayuntamientos de los municipios de gran población a los que se refiere el artículo 121 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y las Diputaciones Provinciales podrán crear un órgano especializado y funcionalmente independiente que ostentará la competencia para resolver los recursos. Su constitución y funcionamiento y los requisitos que deben reunir sus miembros, su nombramiento, remoción y la duración de su mandato se regirá por lo que establezca la legislación autonómica, o, en su defecto, por lo establecido en el artículo 45 de esta Ley. El Pleno de la Corporación será el competente para acordar su creación y nombrar y remover a sus miembros. El resto de los Ayuntamientos podrán atribuir la competencia para resolver el recurso al órgano creado por la Diputación de la provincia a la que pertenezcan"*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 2/45 |

*O concello de Monforte de Lemos ten solicitado con data 18/04/2024 con rexistro 2024RPE007233 :*

“

De conformidade ao recollido no artigo 46.4 da Lei de contratos do sector público que sinala o seguinte: *“... O resto dos Concellos poderán atribuír a competencia para resolver o recurso ao órgano creado pola Deputación da provincia á que pertenzan”.*

**SOLICITO** a Adhesión do Concello de Monforte de Lemos ao Tribunal Administrativo de Recursos contractuais da Deputación de Lugo (TARCLU).

Asimesmo, con data 31 de maio de 2024, o Concello de Monforte de Lemos comunicou a esta administración a adopción en Pleno da Corporación Municipal de data 27.05.2024 do acordo de solicitude de adhesión do concello de Monforte de Lemos ó Tribunal Administrativo de Recursos contractuais da Deputación de Lugo, que se aprobou nos seguintes termos:

*“ Solicitar a adhesión do Concello de Monforte ó TRIBUNALADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO, atribuíndo ó dito órgano a competencia para a resolución dos recursos e demais actuacións que a normativa atribúe os tribunais administrativos en materia de contratación.”*

O regulamento do Tribunal Administrativo de recursos contractuais da Deputación de Lugo, sinala:

*“Disposición adicional primeira.-*
*Convenios e acordos de adhesión. A Deputación Provincial de Lugo manterá actualizada e fará pública a relación de entidades adheridas, mediante o réxime de convenios ou acordos de adhesión, ao Tribunal. A tal fin aprobarase pola Deputación Provincial de Lugo un modelo de adhesión ao Tribunal.”*

Dita previsión, permite a adhesión mediante acordo por parte de outras entidades conferindo a dito órgano a competencia para a resolución de recursos especiais e demais actuacións conferidas ós tribunais administrativos en materia de contratación.

Visto o contido da solicitude, e as previsións da norma básica e do regulamento do TARCLU , correspondería ó pleno da corporación por maioría absoluta a competencia para a adoptar o acordo de adhesión do Concello de Monforte , ó abeiro do artigo 47.2 h da LRBRL na medida que supón a aceptación dunha atribución competencial.

Visto o informe favorable da secretaría xeral




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 3/45 |

Propoño ó pleno da corporación a adopción do seguinte acordo :

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Monforte ó Tribunal Administrativo de recursos contractuais da Deputación de Lugo

Segundo.- Notificar ó Concello de Monforte e o Tribunal Administrativo de recursos contractuais da Deputación de Lugo o presente acordo.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Presidente ou en quen éste delegue para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Armando Castosa Alvariño e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento auséntase da sesión o señor Deputado D. Francisco Cajoto Caserío.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=2

**3.- PROPOSTA DE ADHESIÓN ESPECÍFICA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL Ó ACORDO MARCO 21/2023, SUMINISTRO DE COMBUSTIBLES EN ESTACIÓNS DE SERVIZO DA "DIRECCIÓN GENERAL DE RACIONALIZACIÓN Y CENTRALIZACIÓN DE LA CONTRATACIÓN".**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

*"Antecedentes*
O sistema de contratación centralizada estatal permite a adhesión das entidades locais ao abeiro do artigo 229.3 da lei 9/2017 LCSP.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 4/45 |

O procedemento e competencia para a adopción do acordo consta informado en documento con CSV: IV7XE7S6F7Z55FG3AVU4M3XOGU .

A Deputación De Lugo está interesada na adhesión Central de Contratación do Estado de acordo co disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da lei 9/2017, de Contratos do Sector Público así como nos artigos 7 e 8 da orde EHA/1049/2008, de 10 de abril de declaración de bens e servizos de contratación centralizada.

Con data de 31 de decembro de 2019 esta Deputación formulou solicitude de adhesión xenérica á central de contratación do estado, comunicando , o mesmo ao órgano competente do ministerio de facenda .

Dentro dos trámites establecidos formúlase pola presente proposta para a adhesión específica ao novo acordo marco 21/23 nos termos indicados por dita central de contratación .

En consecuencia, de conformidade co disposto na LRBRL e dacordo co disposto polo apartado 3 del artigo 228 e os apartados 2,3 e 4 do artigo 229 da Lei9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público así como polos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, de 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, proponse a adopción de acordo relativo á solicitude de adhesión específica por parte Deputación ó acordo marco 21/2023 Subministro de combustibles en estacións de servizo

Considerando o anterior, propoño ó pleno provincial a aprobación do dito acordo nos seguintes termos, someténdose expresa e voluntariamente ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- Ámbito obxectivo da adhesión

*A Deputación Provincial* de Lugo adhírese voluntariamente ó acordo marco:

21/2023 Suministro de combustibles en estacións de servizo

O organismos destinatarios, que se atopan incluídos no ámbito desta adhesión, se corresponden coa propia Deputación de Lugo a través dos seus propios órganos (Presidencia , Xunta de Goberno e pleno) e unidades de xestión, serán unidades que especialmente interveñan nas adquisicións desta adhesión específica as seguintes:

- Unidade de parque móbil dir3 LA0004251 dependente de presidencia.
- Servizo de contratación e fomento dir 3 LA0004258 dependente de presidencia.




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 5/45 |

SEGUNDA. - O período de vixencia do presente acordo de adhesión será o do acordo marco de referencia incluídas as súas posibles prórrogas.
TERCEIRA .- Obrigas do solicitante da adhesión

Mediante a presente adhesión ao acordo marco, indicado na cláusula primeira, *A Deputación Provincial* de Lugo obrígase a:

1) Efectuar a contratación da totalidade das subministracións de bens incluídos no mesmo a través do Sistema Estatal de Contratación Centralizada, nos termos establecidos no respectivo acordo marco celebrado coas empresas adxudicatarias, así como nas Instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.
Excepcionalmente, a contratación destes servizos ou subministracións á marxe sistema estatal de contratación centralizada poderá ser realizada cando os bens adxudicados ou o réxime de prestación dos servizos establecido non reúnan as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades Deputación Provincial de Lugo ). Destas circunstancias, informarase á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación con periodicidade trimestral.
2) Realizar as actuacións que lle corresponden no proceso de licitación e na tramitación dos contratos baseados ata a extinción dos mesmos, e cumprir coas obrigacións derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que agora se adhire, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.
3) Realizar a recepción dos correspondentes bens e efectuar o pago dos mesmos conforme á normativa vixente.
4) Designar un órgano de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación e notificar calquera modificación que afecte ao mesmo.
5) Proporcionar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, canta documentación e información lle sexa requirida, en relación con calquera expediente.

CUARTA .- Procedemento para a adxudicación dos contratos baseados .

1) O órgano de contratación para a adxudicación dos contratos baseados en acordos marco do sistema estatal de contratación centralizada será o previsto nas normas xerais aplicables á entidade adherida, conforme establece o artigo 229.6 da LCSP.
Así mesmo, corresponde ao órgano competente da entidade adherida a realización de todas as actuacións relativas ao proceso de licitación daqueles contratos baseados conforme aos pregos que rexen o acordo marco, as instrucións que a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación dite respecto diso e o establecido




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 6/45 |

no documento de licitación. Cando nas normas e instrucións que rexen o Acordo Marco, se efectúe algunha referencia aos limiares dos contratos de subministración ou de servizos suxeitos a regulación harmonizada, entenderase que son os establecidos para o Estado, na Lei de Contratos do Sector Público.

2) Os contratos baseados adxudicaranse de acordo co previsto no artigo 221 da Lei de Contratos do Sector Público, no acordo marco e nas instrucións que se diten o respecto pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

3) O financiamento dos contratos baseados correrá a cargo do organismo destinatario.

4) A presidencia desta Deputación informa que a Deputación de Lugo e tódolos seus órganos de contratación realizarán toda a súa actividade de licitación de contratos baseados de xeito electrónico na Plataforma de Contratación do Sector Público .

QUINTA .- Efectos da adhesión.
A adhesión específica a un acordo marco en vigor, producirá efecto desde o día seguinte ao da adopción, no seu caso, do correspondente acordo pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación. Finalizada a vixencia do acordo marco e no seu caso, a das súas posibles prórrogas extinguirase a adhesión ao mesmo.

Aínda que finalice a vixencia do acordo marco, incluíndo as súas posibles prórrogas, os correspondentes contratos baseados continuarán en vigor ata a súa extinción.

SEXTA.-Remitir certificación do presente acordo, segundo modelo de solicitude de adhesión a Dirección xeral de racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda, e demais organismos no seu caso competentes para coñecer de a presente.
SÉTIMA.- Facultar á Presidencia ou en quen esta delegue para a realización de os trámites relativos á execución do presente acordo.
OITAVA.-. Facultar ao servizo de contratación e fomento para remitir a documentación relativa á adhesión".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Armando Castosa Alvariño e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 7/45 |

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento incorpórase á sesión o señor Deputado D. Francisco Cajoto Caserío.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=3

**4.- PROPOSTA RELATIVA Á CUALIFICACIÓN XURÍDICA COMO "PARCELA SOBRANTE" DE TERREO SITO NO CONCELLO DE BARREIROS.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vistas as solicitudes presentadas por Dna. María Isabel Olano Calleja, Dna. Isabel María García – Duarte Olano, Dna. María Paloma García-Duarte Olano, Dna. María Beatriz García-Duarte Olano e Dna. Paula María García- Duarte Olano e as presentadas por D. Luis Lorido Carballeira referentes á adquisición de parcela que é en un sobreancho da C.P. 0610 "enlace playas Altar-Reinante-Os Castros" no Concello de Barreiros, a Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio emiten o seguinte informe:

*"Antecedentes*
***1)*** *En data de 18 de agosto de 2015 foi presentado escrito, ante esta Deputación Provincial, por D. Eduardo García-Duarte Acha e Dna. Maria-Isabel Olano Calleja mediante o que expoñen:*
*" ...Que son dueños, en la proporción de cinco sextas partes el primero y una sexta parte la segunda, de una finca sita en el municipio de Barreiros, al sitio de la Capilla o Bartola, con las referencias catastrales números 2953520PJ4225S0001GD y 27005A002003200000UU.*
*Que dicha finca, concretamente la parcela con la segunda referencia catastral, limita por el sur con una parcela sobrante de edificación, como consecuencia de la apertura de la carretera 9011 de playas Altar-Reinante, cuya situación, dimensión y configuración resultan de la información gráfica del catastro que se acompaña a este escrito, la cual aparece resaltada en color rojo en dicho documento.*
*Que la citada parcela es en la actualidad un terreno baldío lleno de zarzas en su totalidad.*
*Que con arreglo al artículo 115 del Reglamento de Bienes de la Corporaciones Locales y el artículo 77 de la Ley 5/2011 de 30 de septiembre del Patrimonio de la Comunidad Autónoma de Galicia.*



| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 8/45 |

*E solicitan:*
*" Les sea transmitida la citada parcela sobrante de edificación, en la forma prevista en el artículo 77 de la citada Ley".*

**2)** *En data de 26 de agosto de 2015 foi emitido informe polo Servizo de Expropiacións e control de Proxectos, en relación coa parcela , con referencia catastral 27005A002090110000UO, colídante coa parcela propiedade de D. Eduardo García-Duarte Acha e Dna. Maria-Isabel Olano Calleja , e da que solicitan a súa adquisición, que dí:*
*"... Que examinados los expedientes existentes en este servicio de Expropiaciones y Control de Proyectos, la mencionada parcela fue expropiada legalmente y en la actualidad es propiedad de esta Diputación Provincial.*
*Que la citada parcela en un sobreancho de la C.P. 0610 "ENLACE PLAYAS ALTAR-REINANTE-OS CASTROS", por lo que se debería solicitar informe al Servicio de Vías y Obras, por si tuviese algún interés para la citada vía provincial.*
*Que la parcela, objeto de petición, tiene una superficie de 129,90m2 y se trata de suelo urbanizable.*
*Que en el proceso expropiatorio, se pagó por este tipo de suelo, de acuerdo a la valoración del Xurado Regional de Galicia, la cantidad de 10,12€/m2, que actualizado al año 2015 representa la cantidad de 12,27€/m2, por lo que la valoración total será:129,90m2x12,27€/m2= 1.593, 87 euros"*
**3)** *En data de 15 de outubro de 2015, o Servizo de Vías e Obras, informa en relación a esta parcela:*
*"...Según el plano del Proyecto de "Recuperación ambiental desde Playa Anguieira hasta Punta San Bartolo. Término de Barreiros (Lugo), redactado en junio 2003 por el Servicio Provincial de Costas en Lugo cuya copia se adjunta, la superficie que fue expropiada por esta Diputación para el trazado de la variante de la vía Lu-P-0610 "Enlace Playas Altar-Reinante-Os Castros" está constituído por una franja de longitud aproximada de 900m.con ancho constante de 12m. salvo en puntos concretos como las fincas 153 y 154 donde se expropió una superficie adicional a dicha franja por resultar una superficie de parcela que no se considere susceptible de aprovechamiento por su propietario.*
*Si bien la franja de ancho constante 12m. ha permitido la construcción de la explanación de la vía proyectada, en dicha franja expropiada no fue incluida la zona de "dominio público adyacente" prevista en el art.37.2 de la Ley 8/2013, de 28 de junio, de Carreteras de Galicia, para la cual se viene adoptando un ancho constante de 2 m. en las expropiaciones para construcción o mejora de vías provinciales, por lo que la superficie que este Servicio de Vías y Obras considera que debe permanecer como dominio público viario será la correspondiente a una franja de 8m de anchura a cada lado del eje de la vía.*
*La superficie de parcela exterior a dicha franja de ancho constante de 8m desde el eje resulta ser de forma triangular con superficie de 70,35m2 y cabría considerarla*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 9/45 |

*sobrante en cuanto que su escasa superficie y su irregularidad de forma no la hacen susceptible de aprovechamiento concreto."*

***4)*** *En data de 13 de xullo de 2016, D. Eduardo García-Duarte Acha reitera a súa solicitude de adquisición da parcela referenciada.*

***5)*** *Visto que a parcela, con referencia catastral 27005A002090110000UO, que interesa a súa adquisición linda coa parcela, con referencia catastral 27005A002003200000UU, propiedade de D.Eduardo García-Duarte Acha e Dna. Maria-Isabel Olano Calleja e tamén coa parcela, con referencia catastral 27005A002001550000UE, en data de 9 de febreiro de 2017 foi emitido informe polo Servizo de Expropiacións e control de Proxectos que, en relación co parcela, con referencia catastral 27005A002001550000UE, dí:*
*1."... Que a finca arriba mencionada , correspóndese co número 155 do expediente expropiatorio "Recuperación Ambiental desde Playa Anguieira hasta Punta San Bartolo T.M Barreiros (Lugo) na que lle foi expropiada unha superficie de 171 m2.*
*2. Que a porción de terreno sobrante que linda coa parcela catastral 27005A002003200000UU non está expropiada..."*

***6)*** *En data de 4 de abril de 2017 remítese comunicación a D. José Luis Lorido Carballeira, titular catastral da parcela 27005A002001550000UE na que se lle indica:*
*" D.Eduardo García-Duarte Acha e Dna. Maria-Isabel Olano Calleja presentaron no rexistro desta entidade escrito de solicitude para a adquisición dunha porción de terreo da parcela nº 9011 do polígono 2 do Concello de Barreiros con número de referencia catastral 27005A002090110000UO, produto da expropiación da obra "Recuperación ambiental desde playa Angueira hasta Punta San Bartolo , TM Barreiros (Lugo)".*
*Esta porción de terro tamén colinda coa parcela 155 do polígono 2 do Concello de Barreiros, con número de referencia 27005A002001550000UE, da que é titular vostede, segundo os datos da Xerencia de Catastro.*
*Iniciado o expediente é polo que llo comunicamos por si vostede quere presentar algunha alegación. Transcorrido o prazo sen que non se presentaran, procederemos a seguir coa tramitación do expediente.*
*O prazo para presentar as alegacións é de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ó recibo da notificación"*

***7)*** *E data de 26 de abril de 2017, D. Luis Lorido Carballeira presenta escrito no que dí:*
*" No mes de abril recibín notificación da Deputación Provincial de Lugo sobre trámite de audiencia referente á solicitude realizada por D.Eduardo García-Duarte Acha e Dna. Maria-Isabel Olano Calleja para a adquisición dunha porción da parcela n 9011 do Polígono 2 do Concello de Barreiros, referencia catastral 27005A002090110000UO.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 10/45 |

*Visto que eu son propietario da parcela 155 do polígono 2 e colindante co terreo que se pretende vender por esta institución, COMUNICO que estou interesado na adquisición e polo tanto presento ALEGACIÓNS á referida comunicación.*
*Por todo o exposto, SOLICITO:*
*Que se admita a trámite este escrito e se me envíe valoración económica e técnica para a posible compra."*

***8)*** *En data de 2 de setembro de 2020 D. Jose Luis Lorido Carballeira reitera a súa solicitude de adquisición da parcela 27005A002090110000UO.*
*I) En data de 22 de outubro de 2020 foi emitido informe polo Servizo de Expropiacións e control de Proxectos, no que indica:*
*"En contestación a solicitude da Sección de Patrimonio de data 19 de outubro de 2020 relativa á parcela sobrante que forma parte da estrada LU-P-0610 con referencia catastral 27005A002090110000UO, procede informar que:*
*1.- No informe do Xefe do Servizo de Vías e Obras de 15 de outubro de 2015 manifléstase que o terreo sobrante da expropiación das fincas 153 e 154 ten unha superficie de 70,35 m² e conclúe que non é susceptible de aproveitamento concreto para a estrada.*
*2.-Que de acordo co artigo 54.5 da Lei de Expropiación forzosa actualizado e redactado consonte á disposición adicional 5 de la Lei 38/1999, de Ordenación da edificación e tamén coa Lei Hipotecaria, os "reversionistas" teñen dereito preferente de adquisición fronte a outros posibles compradores.*
*Polo anteriormente exposto e visto ademais a existencia de interesados en adquirir a superficie sobrante, este Servizo conforme ao establecido no artigo 54 da L.E.F. vai proceder a notificar o exceso de terreo expropiado aos primitivos donos ou causabientes e unha vez que se teña resposta ou non transcorrido o tempo regulamentario, daremos conta a ese Departamento de Patrimonio."*

***9)*** *En data de 19 de febreiro de 2021 emítese novo informe polo Servizo de Expropiacións e control de Proxectos, no que dí:*
*"Con data de 19 de outubro de 2020 solicitouse a este Servizo, a través do expediente 2020/XEN_01/001978 informe sobre unha parcela sobrante resultado do expediente expropiatorio "Recuperación ambiental desde playa Anguieira hasta Punta San Bartolo. T.M. Barreiros-Lugo", con referencia catastral 27005A002090110000UO.*
*Con data 22 de outubro de 2020 trasladouse escrito a Patrimonio indicando a preferencia dos primitivos donos ou dos seus causahabentes a adquirir a parcela sobrante, segundo o establecido polo artigo 54 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.*
*A este respecto, informáselles que os interesados foron notificados deste dereito polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, e xa finalizou o prazo establecido para exercer o seu dereito de reversión sen que o solicitaran.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 11/45 |

*Como xa se indicou no escrito de 22 de outubro, a parcela non é susceptible de aproveitamento pola Deputación.*
*No proceso expropiatorio, o Xurado Provincial de Lugo fixou o prezo na cantidade de 10,12€/m2, que actualizados a día de hoxe serían 13.26€/m2. Polo tanto a valoración actual sería de 70,35m2x13,26€/m2= 932,84€.*
*O que se lle comunica aos efectos oportunos."*

***10)*** *En data de 4 de maio de 2023, María Isabel Olano Calleja, Isabel María García – Duarte Olano, María Paloma García-Duarte Olano, María Beatriz García-Duarte Olano e Paula María García- Duarte Olano presentan escrito no que expoñen:*
*" .. Que son dueños, en la proporción ·. de cuatro veinticuatroavos la primera y cinco veinticuatroavos cada una de las hermanas Garcla-Duarte Olano, en virtud de la escritura de aceptación de herencia y aprobación y protocolización de operaciones privadas de liquidación de sociedad de gananciales y de partición de herencia, otorgada ante el notario de Madrid Dª Eva Maria Sanz del Real el 2 de diciembre de 2020, bajo el número 2141 de su protocolo, de una finca sita en el municipio de Barrelros, al sitio de la Capilla, con las referencias catastrales números 2953520PJ4225S0001GD (suelo urbano) y 27005A002003200000UU (suelo rústico) constando inscrita en el Registro de la Propiedad de Ribadeo finca número 23.428 y cuyas certificaciones gráfico descriptívas (no actualizada con Registro) y nota simple del registro se adjuntan a la presente.*
*Que dicha finca, concretamente la parcela con la segunda referencia catastral, limita por el sur con una parcela sobrante de edificación, como consecuencia de la apertura de la carretera 9011 de playas Altar-Reinante, cuya situación, dimensión y configuración resultan de la información gráfica del catastro que se acompaña a este escrito, la cual aparece resaltada en color rojo en dicho documento.*
*Que la citada parcela sobrante es en la actualidad un terreno baldío lleno de zarzas en su totalidad.*
*Que las hermanas Garcia-Duarte Olano, son también dueñas de la parcela denominada la Bartola con referencias catastrales 27005A002001510000UD (parcela A) y 27005A002101510000UW (parcela B) con número de finca registral en el Registro de la Propiedad de Ribadeo 23.313, cuyas certificaciones grafico descriptivas y nota simple también se adjuntan.*
*V. Que con arreglo al artículo 115 del Reglamento de Bienes de las Corporaciones Locales (RD1372/1986, de 13 de junio) y el artículo 77 de la Ley 5/2011 de 30 de septiembre del Patrimonio de la Comunidad Autónoma de Galicia,*

*SOLICITAN*
*Les sea transmitida, por partes iguales a las hermanas García-Ouarte Olano, la citada parcela sobrante de edificación, en la forma prevista en el artículo 77 de la citada Ley, reiterando así el escrito presentado por su difunto padre el quince de agosto de dos mil quince."*




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 12/45 |

***11)*** *En data de 11 de xaneiro de 2024, D. José Luis Lorido Carballeira aporta o título de propiedade da parcela, con referencia catastral, 27005A002001550000UE.*

***12)*** *En data de 30 de xaneiro de 2024, efectúase a seguinte valoración, actualizada, da parcela polo Servizo de Expropiacións e control de Proxectos:*
*"En contestación á solicitude da Sección de Patrimonio do 25 de xaneiro do 2024 relativa á parcela sobrante que forma parte da estrada LU-P-0610 con referencia catastral 27005A002090110000UO, procede informar que:*
*1.- Segundo se dispón en informes anteriores, o mencionado sobrante é un resto da superficie expropiada ás fincas 153 e 154, do polígono 2, do termo municipal de Barreiros, que conta con forma triangular de 70,35 m², situado ó norte da estrada.*
*2.- Dentro do procedemento expropiatorio, o Xurado Provincial de Lugo, na súa sesión de xaneiro do 2005, valorou os terreos urbanizables en situación básica de solo rural en 10,12 €/m².*
*3.- Este prezo actualizado a día de hoxe segundo o INE, danos un valor actual de 15,24 €/m².*
*Polo tanto, considerando o prezo unitario de 15,24 €/m² multiplicado polos 70,35 m² de superficie, danos que o valor total do terreo sobrante ascende á cantidade de 1.072,13 Euros."*

***13)*** *En data de 8 de febreiro de 2024, remítese aos interesados na adquisición da parcela a seguinte notificación:*
*" Vista a súa solicitude de adquisición dunha parcela, que forma parte da estrada LU-P-0610, con referencia catastral 27005A002090110000UO, incluída no Proxecto de "Recuperación ambiental desde Praia Anguieira hasta Punta San Bartolo, termo municipal de Barreiros (Lugo), redactado en xuño 2003 polo Servizo Provincial de Costas e propiedade da Deputación Provincial de Lugo.*
*Vista a documentación presentada por vostede, acreditando a propiedade da parcela, lindeira con esta que pretende adquirir e, a efectos de proceder a tramitar, no seu caso, o expediente de cualificación como parcela sobrante deste terreo, de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, para o seu alleamento, de acordo co disposto no artigo 115 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, solicitouse a delimitación desta parcela e a súa valoración.*
*Mediante informe emitido polo servizo de obras, en data de 15 de outubro de 2015, indicouse que a parcela ten unha superficie de setenta con trinta e cinco metros cadrados (70,35m2) e, actualmente, valórase, de acordo co informe emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, de data de 30 de xaneiro de 2024, con CSV IV7WYKINIDRM7BOJWMWFEELOMI, a razón de 15,24€/m2, en mil setenta e dous euros con trece céntimos (1.072,13€).*




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 13/45 |

*A vista da valoración efectuada, SOLICÍTÁMOSLLE, que, no caso de que siga interesado na adquisición da parcela , no prezo indicado, nos remita, no prazo de cinco (5) días, contados desde o día seguinte o da recepción desta notificación, un escrito, que deberá ser presentado no Rexistro Xeral da Deputación Provincial, presencial ou telemático, e dirixido á Sección de Patrimonio, manifestando o seu interese na adquisición desta parcela, no prezo indicado.*
*No suposto de que, transcorrido dito prazo, non presentara a referida solicitude de adquisición da parcela, no prezo valorado, entenderase que desiste en dita adquisición...”*

***14)*** *En data de 21 de febreiro de 2024, Dna. María Isabel Olano Calleja, Dna. Isabel María García – Duarte Olano, Dna. María Paloma García-Duarte Olano, Dna. María Beatriz García-Duarte Olano e Dna. Paula María García- Duarte Olano presentan escrito manifestando:*
*“ Que somos titulares de las parcelas catastrales números 2953520PJ4225S0001 GD (suelo urbano) y 27005A002003200000UU (suelo rústico) sitas en el municipio de Barreiros, al sitio de la Capilla, que se corresponden con la finca registral número 23.428 inscrita en el Registro de la Propiedad de Ribadeo.*
*Que hemos recibido notificación de la diputación provincial de Lugo por la que se notifica la superficie (70,35 m2) y valoración (1.072, 13 €) de la parcela sobrante de terreno, que es colindante con la finca de nuestra propiedad reseñada en el expositivo 1, en concreto con la de referencia catastral 27005A002003200000UU.*
*Que por el presente manifestamos nuestro interés en la adquisición de la parcela sobrante de terreno por el precio indicado y a prorrata de nuestra propiedad en la finca colindante .*
*SOLICITAMOS*
*Realicen las actuaciones necesarias para su enajenación a nuestro favor de conformidad de lo manifestado en el expositivo.”*

***15)*** *En data de 22 de febreiro de 2024, D. José Luis Lorido Carballeira presentan escrito no que expón :*
*“.. Vista a carta recibida polo Servizo de Patrimonio referente a oferta económica para adquirir un trozo de parcela sobrante con referencia catastral 27005A002090110000UO no término municipal de San Cosme de Barreiros.*
*COMUNICO: Que estou interesado na compra da referida parcela e acepto o prezo de 1072,13 euros”*

***16)*** *Á vista do interese de adquirir a parcela polos propietarios das dúas parcelas colindantes, emítese informe polo Servizo de Expropiacións e control de Proxectos co seguinte teor:*
*“En contestación á solicitude da Sección de Patrimonio do 29 de febreiro do 2024 relativa á venda da superficie sobrante que forma parte da estrada LU-P-0610 con*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 14/45 |

*referencia catastral 27005A002090110000UO, unha vez analizada a clasificación do solo e a situación das parcelas, procede informar que:*
*A superficie sobrante total, toda a finca 155 e a finca 320 (na parte lindeira con elas e coa estrada) encóntranse en situación básica de solo rural.*
*Ó ser solo sen aproveitamento urbanístico, coa compra, ámbalas fincas verían incrementada a lonxitude do fronte á estrada e a súa superficie, sen máis.*
*Polo tanto, o que subscribe propón como solución máis axeitada e ecuánime a de ofertar a venda da metade da superficie a cada un dos dous propietarios interesados:*
*70,35/2 = 35,175 m² Consideraremos 35,18 m² para unha e 35,17 m² para outra.*
*Sendo o prezo unitario fixado de 15,24 €/m² multiplicado polas superficies, a venda de cada unha ascendería as seguintes cantidades:*
*Valor S1: 35,18 m² x 15,24 €/m²= 536,14 € (a ofertar ó propietario da finca 155)*
*Valor S2: 35,17 m² x 15,24 €/m²= 535,99 € (a ofertar ó propietario da finca 320)*
*Achégase plano sobre o parcelario coas dimensións e delimitación das superficies S1 e S2, coa finalidade de concretar e identificar as mesmas.*
*É canto teño que informar,"*

***17)*** *Este informe foi notificado, en data de 21 de marzo de 2024, a D. José Luis Lorido Carballeira, nos seguintes termos:*
*"Vista a súa solicitude de adquisición dunha parcela, que forma parte da estrada LU-P-0610, con referencia catastral 27005A002090110000UO, incluída no Proxecto de "Recuperación ambiental desde Praia Anguieira hasta Punta San Bartolo, termo municipal de Barreiros (Lugo), redactado en xuño 2003 polo Servizo Provincial de Costas e propiedade da Deputación Provincial de Lugo, a súa conformidade coa valoración efectuada da parcela, e o interese manifestado na adquisición da mesma, mediante escrito recibido en data de 22 de febreiro de 2024, achegámoslle o informe técnico emitido, en relación con este expediente, solicitado ao existir máis dun interesado na adquisición desta parcela, en cumprimento do disposto no artigo 115 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece no seu artigo 115 :*
*"1. Las parcelas sobrantes a que alude el artículo séptimo serán enajenadas por venta directa al propietario o propietarios colindantes o permutadas con terrenos de los mismos.*
*2. Si fueran varios los propietarios colindantes, la venta o permuta se hará de forma que las parcelas resultantes se ajusten al más racional criterio de ordenación del suelo, según dictamen técnico."*
*A vista do informe emitido e o plano efectuado, coas dimensións e delimitación de superficies de cada parcela, SOLICÍTÁMOSLLE, que, no caso de que estea interesado na adquisición da parcela ofrecida (S1, segundo o plano), no prezo indicado, que ascende a cincocentos trinta e seis euros con catorce céntimos (536,14€), nos remita, no prazo de cinco (5) días, contados desde o día seguinte o da recepción desta notificación, un escrito, que deberá ser presentado no Rexistro Xeral da Deputación Provincial,*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 15/45 |

*presencial ou telemático, e dirixido á Sección de Patrimonio, manifestando o seu interese na adquisición desta parcela, no prezo indicado.*
*No suposto de que, transcorrido dito prazo, non presentara a referida solicitude de adquisición da parcela, no prezo valorado, entenderase que desiste en dita adquisición."*

***18)*** *Este informe foi notificado, en data de 21 de marzo de 2024, a Dna. María Isabel Olano Calleja, Dna.Isabel María García – Duarte Olano, Dna.María Paloma García-Duarte Olano, Dna.María Beatriz García-Duarte Olano e Dna.Paula María García-Duarte Olano, nos seguintes termos:*
*"Vista su solicitud de adquisición de una parcela, que forma parte de la Carretera LU-P-0610, con referencia catastral 27005A002090110000UO, incluida en el Proyecto de "Recuperación ambiental desde Playa Anguieira hasta Punta San Bartolo, término municipal de Barreiros (Lugo), redactado en junio de 2003 por el Servicio Provincial de Costas y propiedad de la Diputación Provincial de Lugo, su conformidad con la valoración efectuada de la parcela y el interés manifestado en la adquisición de la misma, mediante escrito recibido en fecha de 21 de febrero de 2024, adjuntamos el informe técnico emitido, en relación con este expediente, solicitado al existir más de un interesado en la adquisición de esta parcela, en cumplimento de lo dispuesto en el artículo 115 del Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales, que dispone:*
*"1. Las parcelas sobrantes a que alude el artículo séptimo serán enajenadas por venta directa al propietario o propietarios colindantes o permutadas con terrenos de los mismos.*
*2. Si fueran varios los propietarios colindantes, la venta o permuta se hará de forma que las parcelas resultantes se ajusten al más racional criterio de ordenación del suelo, según dictamen técnico."*
*A la vista del informe emitido y el plano efectuado, con las dimensiones y delimitación de superficies de cada parcela, le SOLICITAMOS, que, en caso de que esté interesada en la adquisición de la parcela (S2, según plano) , en el precio indicado, que asciende a quinientos treinta y cinco euros con noventa y nueve céntimos, (535,99€) nos remita, en el plazo de cinco (5) días, contados desde el día siguiente al de la recepción de esta notificación, un escrito, que deberá ser presentado en el Registro General de la Diputación Provincial, presencial o telemático, y dirigido a la Sección de Patrimonio, manifestando su interés en la adquisición de esta parcela, en el precio indicado.*
*En el supuesto de que, transcurrido dicho plazo, non presentara la referida solicitud de adquisición de la parcela, en el precio valorado, se entenderá que desiste en dicha adquisición."*

***19)*** *En data de 9 de abril de 2024, D. José Luis Lorido Carballeira, contesta á notificación recibida manifestando:*
*" Vista a carta recibida polo Servizo de Patrimonio referente a oferta económica para adquirir un trozo de parcela sobrante con referencia catastral*



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 16/45 |

*27005A002090110000UO no término municipal de San Cosme de Barreiros(Rexistro de saída 2024RPS004343 de data 21/03/24.*
*COMUNICO: Que estou interesado na compra da referida parcela S1, segundo o plano e acepto o prezo de 536,14 euros"*

***20)*** *En data de 11de abril de 2024, a Dna. María Isabel Olano Calleja, Dna.Isabel María García – Duarte Olano, Dna.María Paloma García-Duarte Olano, Dna.María Beatriz García-Duarte Olano e Dna.Paula María García- Duarte Olano, contestan á notificación recibida manifestando:*
*" Que somos titulares de las parcelas catastrales números 2953520PJ4225S0001 GD (suelo urbano) y 27005A002003200000UU (suelo rústico) sitas en el municipio de Barreiros, al sitio de la Capilla, que se corresponden con la finca registra! número 23.428 inscrita en el Registro de la Propiedad de Ribadeo.*
*Que el 8 de febrero de 2024, recibimos notificación de la diputación provincial de Lugo por la que se notificaba la superficie (70,35 m2) y valoración (1.072, 13 €) de la parcela sobrante de terreno, que es colindante con la finca de nuestra propiedad reseñada en el expositivo 1, en concreto con la de referencia catastral 27005A002003200000UU.*
*Que el 21 de febrero de 2024 contestamos aceptando la adquisición de la superficie de 70,35 m2 por la valoración de 1.072, 13 € arriba referida.*
*Que en el 21 de marzo de 2024, de nuevo la Sección de Patrimonio de la Diputación de Lugo, nos envía comunicación indicando que, ante un nuevo interesado en la adquisición de la parcela sobrante de terreno, y teniendo éste derecho a la misma, se reduce la superficie de la parcela a adquirir a treinta y cinco metros cuadrados con diecisiete decímetros cuadrados (35, 17 m2) por el precio de quinientos treinta y cinco euros con noventa y nueve céntimos (535,99 €), denominada S2 en el plano adjunto.*
*Que desconociendo el idioma gallego en el que está redactado el informe técnico, por la presente manifestamos nuestro interés en la adquisición de la parcela sobrante de terreno por el precio indicado y a prorrata de nuestra propiedad en la finca colindante, salvo que en el mismo haya algo que contradiga o matice lo referido en el expositivo anterior y por tanto*
*SOLICITAMOS*
*Realicen las actuaciones necesarias para su enajenación a nuestro favor de conformidad de lo manifestado en el expositivo V, en el entendido caso de que sea correcto el entendimiento realizado del informe técnico, o en caso contrario nos lo envíe en idioma castellano."*

*<u>DESCRICIÓN DA PARCELA OBXECTO DO PROCEDEMENTO</u>*
*Tal como indican os informes emitidos polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos a parcela, obxecto deste procedemento de modificación de cualificación xurídica e posterior alleamento, é propiedade da Deputación Provincial é foi adquirida*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 17/45 |

*mediante expropiación, ao ser incluída no expediente expropiatorio "Recuperación Ambiental desde Playa Anguieira hasta Punta San Bartolo T.M Barreiros (Lugo), seguido pola Deputación, estaba incluída nas fincas 153 e 154 deste procedemento e , actualmente, é un sobreancho da CP 0610 "Enlace Playas Altar – Reinante -Os castros".*
*O informe do Servicio de Vías e Obras, de data de 15 de outubro de 2015, indica que a superficie foi expropiada por esta Deputación para o trazado da variante da vía Lu-P-0610 "Enlace Playas Altar-Reinante-Os Castros" engadindo que a superficie de parcela exterior a dita franxa de ancho constante de 8m desde o eixe, resulta ser de forma triangular, con superficie de 70,35m2.*
*A parcela, polo tanto, que ten unha superficie de 70,35m2 e forma parte da estrada LU-P 0610, con referencia catastral 27005A002090110000UO, da que é titular esta Deputación Provincial.*

*O informe de Vías e obras referido engade respecto desta parcela que cabria considerarala sobrante en canto que a súa escasa superficie e a súa irregularidade de forma non a fan susceptible de aproveitamento concreto.*
*De acordo co exposto, estaríamos ante un expediente de alleamento de un ben que debe ser cualificado como ben patrimonial "parcela sobrante".*

*<u>CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS</u>*
***1.** Respecto á modificación da cualificación xurídica da parcela.*
*O artigo 7 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais establece o seguinte:*
*"1. Se clasificarán como bienes patrimoniales las parcelas sobrantes y los efectos no utilizables.*
*2. Se conceptuarán parcelas sobrantes aquellas porciones de terreno propiedad de las Entidades Locales que por su reducida extensión, forma irregular o emplazamiento, no fueren susceptibles de uso.*
*3. Para declarar un terreno parcela sobrante se requerirá expediente de calificación jurídica, en la forma que previene el artículo siguiente y con la excepción que señala su número 3..."*
*Á vista do informe emitido polo Servizo de Vías e Obras ,de data de 15 de outubro de 2015, a parcela pode ser calificada como parcela sobrante por tratarse dunha porción de terreo que pola súa escasa superficie e a súa irregularidade de forma non a fan susceptible de aproveitamento concreto.*
*O artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais establece o seguinte:*
*"1 . La alteración de la calificación jurídica de los bienes de las Entidades Locales requiere expediente en el que se acrediten su oportunidad y legalidad.*
*2. El expediente deberá ser resuelto, previa información pública durante un mes, por la Corporación Local respectiva, mediante acuerdo adoptado con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la misma.*




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 18/45 |

*3. En cualquier caso, la incorporación al patrimonio de la Entidad Local de los bienes desafectados, incluso cuando procedan de deslinde de dominio público, no se entenderá efectuada hasta la recepción formal por el órgano competente de la Corporación de los bienes que se trate, y en tanto la misma no tenga lugar seguirán teniendo aquellos el carácter de dominio público."*

*Antes de proceder á súa venta é preciso que o ben sexa cualificado como ben patrimonial "parcela sobrante" e se proceda a facer as rectificacións necesarias no inventario de bens de acordo co disposto no artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*Así, para proceder ao alleamento desta parcela, o Pleno da Deputación Provincial deberá acordar incoar o expediente de alteración de cualificación xurídica da parcela con superficie de 70,35 m2 incluída na referencia catastral 27005A002090110000UO que corresponde á estrada provincial vía LU-P-0610 "Enlace Playas Altar-Reinante-Os Castros" para a súa cualificación como ben patrimonial "parcela sobrante", expediente que deberá ser sometido a información pública durante o prazo dun mes.*

***2.** Respecto ao dereito de reversión o artigo 54 de lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa establece:*

*" En el caso de no ejecutarse la obra o no establecerse el servicio que motivó la expropiación, así como si hubiera alguna parte sobrante de los bienes expropiados, o desapareciese la afectación, el primitivo dueño o sus causahabientes podrán recobrar la totalidad o la parte sobrante de lo expropiado, mediante el abono a quien fuera su titular de la indemnización que se determina en el artículo siguiente..."*

*De acordo co informe emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, en data de 19 de febreiro de 2021, en relación coa preferencia dos primitivos donos ou dos seus causahabientes a adquirir a parcela sobrante, segundo o establecido no artigo citado, os interesados foron notificados deste dereito por este Servizo e , como indica, xa finalizou o prazo establecido para exercer o seu dereito de reversión sen que o exercitaran.*

***3.** Respecto ao alleamento de parcela sobrante o artigo 115 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais establece o seguinte:*

*"1. Las parcelas sobrantes a que alude el artículo séptimo serán enajenadas por venta directa al propietario o propietarios colindantes o permutadas con terrenos de los mismos.*

*2. Si fueran varios los propietarios colindantes, la venta o permuta se hará de forma que las parcelas resultantes se ajusten al más racional criterio de ordenación del suelo, según dictamen técnico.*

*3. Si algún propietario se negara a adquirir la parcela que le correspondiere, la corporación podrá expropiarle su terreno del modo dispuesto para la regulación de solares a cuyo efecto será preceptivo, en cada caso, al dictamen técnico pertinente".*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 19/45 |

*Os entes locais teñen capacidade xurídica plena para enaxenar bens conforme ao disposto no artigo  artigo 9 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP):*
*"Quedan, asímismo, excluídos de la presente Ley los contratos de compraventa, donación, permuta, arrendamiento y demás negocios jurídicos análogos sobre bienes inmuebles, valores negociables y propiedades incorporales, a no ser que recaigan sobre programas de ordenador y deban ser calificados como contratos de suministro o servicios, que tendrán siempre el carácter de contratos privados y se regirán por la legislación patrimonial".*
*Trátase, polo tanto, dun contrato privado excluído do seu ámbito de aplicación e rexerase pola lexislación patrimonial.*
*De acordo co recollido nos antecedentes, solicitaron inicialmente a adquisición da parcela, por unha parte,  D.Eduardo García-Duarte Acha e Dna. Maria-Isabel Olano Calleja e posteriormente como herdeiras de D.Eduardo García-Duarte Acha:  Dna. María  Isabel Olano Calleja, Dna.Isabel María García – Duarte Olano, Dna.María Paloma García-Duarte Olano, Dna.María Beatriz García-Duarte Olano e Dna.Paula María García- Duarte Olano como titulares da parcela 27005A002003200000UU, lindeira coa parcela obxecto deste procedemento.*
*E posteriormente, tras o informe emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, de data de 9 de febreiro de 2017 que indica que a parcela a cualificar como sobrante linda, tamén ,  coa parcela, con referencia catastral 27005A002001550000UE e despois da notificación deste procedemento e a apertura do prazo de alegación presenta solicitude de adquisición o titular desta parcela, tamén lindeira, con referencia catastral 27005A002001550000UE,  D. Jose Luis Lorido Carballeira.*
*Dna. María  Isabel Olano Calleja, Dna. Isabel María García – Duarte Olano, Dna. María Paloma García-Duarte Olano, Dna. María Beatriz García-Duarte Olano e Dna. Paula María García- Duarte Olano acreditan a propiedade da parcela, con referencia catastral 27005A002003200000UU, mediante nota simple do Rexistro da Propiedade de Ribadeo-A Fonsagrada na que figura esta finca inscrita co número rexistral 23428,   e na que se reflicten como propietarias da mesma.*
*D. Jose Luis Lorido Carballeira acredita a propiedade da parcela mediante escritura pública de aceptación de herencia e compraventa outorgada polo notario D: Miguel A. Hortigüela Esturillo, en data de 30 de novembro de 2001, baixo o protocolo número trescentos noventa e sete.*
***4.*** *Respecto da  valoración desta parcela, aparece incluída no informe do Servizo de Expropiacións, con CSV IV7WYKINIDRM7BOJWMWFEELOMI,  de data de 30 de xaneiro de 2024,  e ascende á cantidade de  mil setenta e dous con trece euros (1.072,13€).*
*Dita valoración foi notificada aos interesados na adquisición desta parcela que mostraron a súa conformidade coa mesma, mediante escrito remitido por  Dna. María Isabel Olano Calleja, Dna. Isabel María García – Duarte Olano, Dna. María Paloma García-Duarte Olano, Dna. María Beatriz García-Duarte Olano e Dna. Paula María García- Duarte Olano ,recibido en data de 21 de febreiro de 2024, con número de*




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 20/45 |

*rexistro 2024RPE003750 e mediante escrito remitido por D. Jose Luis Lorido Carballeira, recibido en data de 22 de febreiro de 2024, con número de rexistro 2024RT002617.*

***5.*** *Respecto ao alleamento aos interesados , vistos os escritos presentados polos propietarios das parcelas, con referencia catastral 27005A002003200000UU e 27005A002001550000UE lindeiras coa parcela sobrante mediante os que, á vista da valoración da parcela, manteñen o seu interese na adquisición da parcela e á vista do disposto no o artigo 115.2 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais establece o seguinte:*
*"2. Si fueran varios los propietarios colindantes, la venta o permuta se hará de forma que las parcelas resultantes se ajusten al más racional criterio de ordenación del suelo, según dictamen técnico."*
*Solicitouse informe técnico ao Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, que foi emitido con CSV IV7XU627LMBZRX66CV7AG4JUGY, de data de 13 de marzo de 2024 e propón a seguinte solución como máis axeitada e ecuánime:*
*Valor S1: 35,18 $m^2$ x 15,24 €/$m^2$= 536,14 € (a ofertar ó propietario da finca 155)*
*Valor S2: 35,17 $m^2$ x 15,24 €/$m^2$= 535,99 € (a ofertar ó propietario da finca 320)*







| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 21/45 |

*Dita solución foi notificada aos interesados manifestado a súa conformidade coa mesma, mediante escrito remitido por Dna. María Isabel Olano Calleja, Dna. Isabel María García – Duarte Olano, Dna. María Paloma García-Duarte Olano, Dna. María Beatriz García-Duarte Olano e Dna. Paula María García- Duarte Olano ,recibido en data de 21 de marzo de 2024, con número de rexistro 2024RPS004348 e mediante escrito remitido por D. Jose Luis Lorido Carballeira, recibido en data de 9 de abril de 2024, con número de rexistro 2024RT006358.*

*6. Respecto á competencia para a modificación da cualificación xurídica da parcela corresponde ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, en canto ao alleamento da parcela corresponde ao Presidente desta Deputación, segundo o artigo 54.38 do Regulamento desta Deputación: O alleamento de bens, cando o seu orzamento non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e ata un máximo de 3.000.000 de euros, salvo os de valor histórico artístico que lle corresponden sempre ao Pleno.*
*7. Respecto á regularización da parcela, aprobada definitivamente a modificación da cualificación xurídica da parcela, debe procederse a modificar o Inventario de Bens da Deputación Provincial, a súa regularización catastral e inscrición no Rexistro da Propiedade.*
*8 .Respecto a Transmisión deberá ser formalizada en escritura pública, conforme ao disposto no artigo 113.1da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, correndo os gastos a conta do adquirente*
*9. Respecto ao ingreso, de acordo co disposto no artigo 5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os ingresos procedentes da alleamento e gravames de bens e dereitos que teñan a consideración de patrimoniais non poderán destinarse á financiación de gastos correntes, salvo que se trate de parcelas sobrantes de vías públicas non edificables, como é o presente suposto, ou de defectos non utilizables en servizos municipais ou provinciais."*

*Tendo en conta que no referido informe indícase que antes de proceder á venta desta parcela é precisa a aprobación polo Pleno da correspondente alteración da cualificación xurídica e o expediente consta coa conformidade da Secretaria Xeral e da Intervención Provincial que emite, con data do3 de xuño de 2024, informe baixo o CSV IV7X2CHNZRHSXVMK4ZNEKUPCM4.*

Polo exposto, en aplicación do nº 26 do artigo 57 do Regulamento Orgánico Provincial, proponse ao Pleno Provincial:




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 22/45 |

**Primeiro.-** Aprobar a alteración da cualificación xurídica e declaración como ben patrimonial, parcela sobrante, do terreo sito no Concello de Barreiros, identificada no plano que se inclúe no expediente e coa seguinte descrición:

A parcela ten unha superficie de 70,35m2 e forma parte da estrada LU-P 0610, con referencia catastral 27005A002090110000UO, da que é titular esta Deputación Provincial.

O presente acordo entenderase elevado a definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións, de a cordo co previsto no artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

**Segundo.-** Aprobada definitivamente a alteración da cualificación xurídica deste ben, proceder a modificar o Inventario de Bens da Deputación Provincial, á súa regularización catastral e inscrición no Rexistro da Propiedade, de acordo co plano incluído neste informe.

**Terceiro.-** Efectuados os trámites anteditos, iniciar o procedemento para o seu alleamento e posterior formalización da transmisión de titularidade, mediante escritura pública, subscrita entre esta administración pública e os interesados".

---

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Armando Castosa Alvariño e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=4

**5.- PROPOSTA DE ACORDO DO PLENO SOBRE APROBACIÓN DE EMENDA DE ERRO MATERIAL NA RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO XERAL 2024**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

"A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 23/45 |

“...
*Proposta de acordó plenario*

**Asunto:** Aprobación da emenda de erro material na denominación do perceptor e do concepto dunha das subvencións directas nominativas a xestionar pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, que figuran no Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2024

Detectado erro material na denominación do perceptor e do concepto dunha das subvencións directas nominativas a xestionar pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, que figuran na relación de subvencións nominativas incluída no Orzamento Xeral Provincial para o ano 2024; e ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dende a dita Área informouse favorablemente para que, logo dos demais trámites legal e regulamentariamente establecidos, o Pleno da Deputación Provincial de Lugo acordara aprobar a emenda do dito erro material.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, informouse favorablemente a dita rectificación do erro; do mesmo xeito que se fixo dende a Intervención.

Polo exposto, propoño que, logo dos demais trámites legal e regulamentariamente establecidos, o Pleno desta Deputación acorde aprobar a emenda do erro material detectado na relación de subvencións nominativas do Orzamento Xeral Provincial para o ano 2024 e, deste xeito:

Onde di:

| PERCEPTOR | CONCEPTO | IMPORTE | APLICACIÓN ORZAMENTARIA |
|---|---|---|---|
| (...) | (...) | (...) | (...) |
| FUNDACIÓN PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO | XUVENLUGO ANUALIDADE 2023 | 15.000,00 € | 3342.48903 |

Diga:

| PERCEPTOR | CONCEPTO | IMPORTE | APLICACIÓN ORZAMENTARIA |
|---|---|---|---|
| (...) | (...) | (...) | (...) |
| FUNDACIÓN DE FERIAS Y EXPOSICIONES DE LUGO | XUVENLUGO 2024 | 15.000,00 € | 3342.48903 |

...”




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 24/45 |

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación, se procede.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=5

--oo0oo—

**6.- PROPOSTA DE GOBERNO EN APOIO ÓS AFECTADOS POLO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA LIÑA DE ALTA TENSIÓN NOS CONCELLOS DE BECERREÁ, BARALLA, LÁNCARA, SARRIA, PARADELA, O SAVIÑAO E CHANTADA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno en apoio ás persoas afectadas polo proxecto de execución da liña de alta tensión nos concellos de Becerreá, Baralla, Láncara, Sarria, Paradela, O Saviñao e Chantada

O pasado 25 de Abril de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia o ACORDO do 7 de marzo de 2024, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública (en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica), a autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental do "Proxecto de execución LAT 220 kV SET PE Chao do Marco-SE Belesar (REE) e SEC Soilán nos concellos de Becerreá, Baralla, Láncara, Sarria, Paradela, O Saviñao e Chantada (Lugo)" (expediente IN408A 2020/163).

O referido proxecto implica o paso dunha liña eléctrica de alta tensión polos distintos termos municipais sinalados. Segundo a información e planos recollidos no expediente queda de manifesto que o trazado planificado, resulta nalgúns casos especialmente prexudicial, ao atravesar distintos núcleos de poboación, zonas de vivendas, espazos de produción agrogandeira, zonas de Reserva da Biosfera e masas



| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 25/45 |

arbóreas de especies autóctonas centenarias. Todas estas circunstancias están dando lugar á lóxica preocupación da veciñanza.

Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Que vele polo estrito cumprimento da normativa de aplicación en todo o referente ó proxecto citado.

- Que dentro do marco legal establecido se estuden realmente as posibles alternativas viables ao trazado da liña eléctrica, buscando minimizar os impactos sociais e económicos, incluíndo a posibilidade de soterramento en zonas críticas, ou o desvío por áreas menos sensibles.

- Que se proceda a contrastar verdadeiramente o estudo de impacto ambiental, realizando un ESIA máis exhaustivo dende os puntos de vista ambiental e social; no que participen expertos independentes.

- Que se leve a cabo unha labor de mediación e negociación coas partes implicadas, instando á empresa responsable do proxecto e ás autoridades competentes a abrir unha canle de comunicación e mediación para ter en conta os intereses das persoas prexudicadas e buscar solucións consensuadas. Aplicando unha política de prazos xenerosa.

- Que se lexisle a favor de mecanismos de participación social neste tipo de procedementos".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Armando Castosa Alvariño e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=6

**7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS PARA AXILIZAR AS OBRAS DA AUTOVÍA AG-22 LUGO-MONFORTE.**




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 26/45 |

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia medidas para axilizar as obras da autovía AG-22 Lugo-Monforte.

Traer de novo ó Pleno unha moción semellante á presentada por este Grupo o pasado 26 de marzo non responde a unha confusión ou ó desexo de aforrar traballo, senón á necesidade de corrixir, unha vez máis, os erros, desinformacións e distorsións da realidade ás que recorre o PP na política lucense. O noso Himno invita a non esquecer o encono das inxurias. E parece que é o ánimo de inxuriar ós veciños de Monforte o que leva á Xunta a presumir de esquecemento en todo o que fai ás obras de desdobramento do Corredor Nadela-Monforte, convertido pola vía dos feitos polo PP no corredor Nadela-Sarria.

Despois da presentación desta moción, o pasado 26 de marzo, comprobamos como o pasado 5 de xuño, nun acto no concello de O Páramo, Alfonso Rueda, presumía da súa aposta pola mobilidade na provincia. Unha aposta parcial que, a lo que parece, exclúe a aqueles concellos dos que non lle gusta a cor política do consistorio.

A nota oficial colgada na web da Xunta di, textualmente que “*O segundo e último treito que se ampliará do corredor Nadela-Sarria, de 13,5 km, beneficiará a preto de 100.000 usuarios, sen ter en conta aos transportistas*”. E se pode ler o texto sen atopar nen unha mención á conexión con Monforte. De feito, o titular da devandita nota oficial, converte a AG-22, a autovía Lugo-Moforte, na autovía Lugo-Sarria, nun intencionado exercicio de renomear as cousas para disimular o incumprimento ca capital da Ribeira Sacra.

A aposta pola modernización das infraestruturas da nosa provincia é un obxectivo fundamental para o Grupo Provincial Socialista. Pero o equilibrio territorial e esa modernización mal se poden acadar con postura partidistas e anuncios sesgados nos que se tenta pasar unha parte polo total do proxecto. Por iso sometemos, de novo, para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- Medidas urxentes para axilizar os estudos e proxectos necesarios que permitan avanzar na licitación do desdobramento da totalidade do trazado do




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 27/45 |

corredor Nadela-Monforte para que a provincia de Lugo teña en servizo o antes posible a AG-22, tal como recolle o acordo unánime do Parlamento de Galicia, para conectar as cidades máis poboadas da provincia e comunicar coa futura A-76, completando o eixo Ponferrada, Monforte, Ourense.

- E agora que estamos a piques de comezar o verán, a elaboración dun caderno de actividades de reforzo e recuperación que lle lembre ó Presidente da Xunta e ós conselleiros do seu Goberno que o trazado da AG-22 vai de Lugo a Monforte, ou de Monforte a Lugo, pasando – e non rematando- pola vila de Sarria".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Armando Castosa Alvariño e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de engádega, que textualmente di o seguinte:

"O Grupo Provincial Popular propón engadir á proposta de acordo formulada un punto co seguinte texto:

"Que a Deputación Provincial de Lugo solicite ao Goberno de España que comprometa investimento para a provincia de Lugo co obxectivo de desbloquear e avanzar nas obras das infraestruturas estatais fundamentais para garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento da mesma a través de:

- a conexión da provincia de Lugo coa Alta Velocidade recuperando os proxectos das variantes dos Peares - Canaval e Rubián, a modernización das infraestruturas das liñas ferroviarias, o impulso do FEVE e a recuperación das frecuencias previas á pandemia.

- a mellora da liña Lugo-A Coruña e a súa integración no Corredor de Mercadorías do Atlántico.

- a reconstrución completa do viaduto da A-6.

- o impulso de xeito decidido das obras das autovías A-54 (Lugo-Santiago), A-56 (Lugo-Ourense), A-74 (autovía da Mariña) e A-76 (Ponferrada –Ourense).

- o adecuado mantemento das infraestruturas de titularidade estatal que transcorren pola provincia de Lugo, como poden ser as autovías A-6 e A-8, a estradas nacionais N-




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 28/45 |

540, N-640, N-VI, N-642, N-634 ou N – 120, entre outras, que garanta a seguridade dos usuarios das mesmas.

- o desdobramento e iluminación da Ronda Norte de Lugo".

A emenda é rexeitada polo Grupo propoñente da moción.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=7

**8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA QUE GARANTA A ASISTENCIA SANITARIA NOS CENTROS DE SAÚDE E PAC DA PROVINCIA DE LUGO E EVITE O SEU PECHE POR VACACIÓNS DO PERSOAL.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

"O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para solicitar á Xunta de Galiza que garanta a asistencia sanitaria nos centros de saúde e PAC da provincia de Lugo e evite o seu peche por vacacións do persoal.

*Exposición de Motivos:*

Dende o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego en Lugo, vimos denunciando de xeito recorrente o deterioro da sanidade pública como consecuencia de quince anos de recortes e privatizacións do goberno do PP ao fronte da Xunta de Galiza, que se ten convertido nun perigo para a saúde das galegas e dos galegos.

O goberno do PP ignorou premeditadamente a súa responsabilidade de planificar e organizar o bo funcionamento do sistema público de saúde, tanto no que se refire á correcta dotación de persoal, á mellora da atención primaria e á dotación do financiamento que permita á Consellería de Sanidade dispor dos medios necesarios para garantir o dereito á saúde pública, gratuíta e universal da poboación.




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 29/45 |

Porén, é incomprensible que ano tras ano se repita na época estival a mesma situación, mestura de improvisación e de incompetencia por parte do goberno do PP ao fronte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza.

Traemos novamente a este pleno unha moción para denunciar a falta de medios humanos e recursos materiais do goberno do PP ao fronte da Xunta de Galiza para garantir a asistencia na Atención Primaria durante os meses de verán, que tenta suplir con "ocorrencias" nun exercicio permanente de continuas "improvisacións".

A esta nefasta organización e programación para anticiparse e coordinar os recursos cos que se contan e as necesidades de cara ao verán, hai que engadir o peche sistemático de camas nos hospitais, neste caso 810 camas hospitalarias menos no país, 135 máis que no 2.023, deixando sen cubrir as vacantes estivais e limitando a atención pediátrica aos centros das cabeceiras de comarca, como no caso do concello de Ribadeo, e psiquiátrica como está a suceder na desaparecida Área sanitaria de Monforte de Lemos, chamada agora Distrito sanitario de Monforte, despois da súa eliminación por parte do PP, e especialmente afectada por recortes nestas especialidades.

Un claro expoñente da redución inexplicable no número de camas é o Hospital da Mariña, que case triplica a súa poboación no verán debido ao turismo e que este ano ve pechada toda a planta de Medicina Interna.

Nun período no que moitos concellos multiplican a súa poboación, lonxe de reforzar persoal nas zonas de maior tensión turística, o PP nin sequera é capaz de cubrir as vacacións do persoal sanitario o que supón outro agravio máis nunha Atención Primaria que xa está colapsada.

Moitos dos centros asistenciais xa apareceron recentemente co cartel de pechado por vacacións entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, como é o caso do Consultorio do SERGAS no concello de Castro de Rei, que deixou colgada a toda a poboación sen previo aviso.

Podemos engadir moitos máis casos que se levan arrastrando ao longo deste ano: A Fonsagrada, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Courel, Muras, Negueira de Muñiz, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, etc...

Moitos aínda sen solucionar e con concentracións veciñais que manifestan o seu descontento e impotencia por un desmantelamento da sanidade pública que seguen desangrando os servizos públicos en concellos pequenos do rural da provincia de Lugo.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 30/45 |

1.- Esixir á Xunta de Galiza que garanta a reapertura de todos os consultorios, centros médicos e PAC pechados na provincia de Lugo no verán por falta de persoal derivado das vacacións dos facultativos nos centros dos diferentes distritos sanitarios, como o recente caso do concello de Castro de Rei, e demandar un compromiso de mantemento asistencial sanitario nestes centros tanto na época estival como o resto do ano.

2.- Demandar da Xunta de Galiza que garanta a contratación que cubra as baixas por vacacións, enfermidade e xubilacións do persoal sanitario e evitar a situación que se está a producir nos centros médicos como nos casos de A Fonsagrada, Castroverde, Cervantes, Courel, Muras, Negueira de Muñiz, O Valadouro, O Vicedo, Ribadeo e Viveiro.

3.- Reclamar á Xunta de Galiza a reapertura das camas pechadas durante a época estival nas diferentes plantas dos tres 3 hospitais de cabeceira dos actuais distritos sanitarios da provincia: Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Armando Castosa Alvariño e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de engádega, que textualmente di o seguinte:

O Grupo Provincial Popular propón substituír o texto da proposta de acordo de xeito que este quede da seguinte forma:

"Solicitar ao Goberno do Estado que traballe, dende o cumprimento rigoroso da normativa e do reparto competencial vixentes, para materializar con extrema urxencia medidas de utilidade real fronte á crítica necesidade de profesionais sanitarios que existe na Atención Primaria do conxunto do *Sistema Nacional de Salud* de cara aos meses deste verán".

A emenda é rexeitada polo Grupo propoñente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 31/45 |

Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=8

**9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE IMPULSO DA COMPRA PÚBLICA ALIMENTARIA (C.P.A.) GALEGA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

"O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para solicitar á Xunta de Galiza a posta en marcha dun plan de impulso da compra pública alimentaria (C.P.A.) galega.

*Exposición de Motivos:*

A compra e a contratación pública mobilizan unha grande cantidade de recursos económicos e teñen un gran potencial de transformación do modelo económico e social e de dinamización da economía atendendo a criterios sociais, ambientais e de cohesión territorial. No ámbito europeo, calcúlase que a contratación e a compra por parte das administracións públicas representa entre o 18 e o 20% do PIB.

Galiza presenta un importante déficit agroalimentario, fundamentalmente pola nosa dependencia exterior para o abastecemento de producións vexetais e polo déficit de produtos transformados de maior valor engadido. Para corrixir esta situación as políticas públicas deben impulsar iniciativas como a que traemos hoxe a este pleno provincial.

A normativa de contratación pública (Lei 9/2017 de contratos dos sector público), malia estar concibida para favorecer os intereses dos grandes grupos económicos, permite que as administracións públicas desenvolvan estratexias para fomentar a actividade económica, o emprego e o tecido económico local, nomeadamente as PEMES e as entidades de economía social. Esta normativa establece que o prezo non pode ser o factor determinante da adxudicación dos contratos e que se debe empregar unha pluralidade de criterios.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 32/45 |

Resulta polo tanto necesario que A Xunta de Galiza desenvolva un novo marco legal referente á contratación das administración públicas galegas, no que se fomente a introdución de cláusulas sociais e ambientais, así como a fórmula dos contratos reservados.

Na adxudicación de contratos que poidan ter unha incidencia significativa no medio ambiente, poderanse avaliar criterios ambientais cuantificables como os procedementos e métodos de produción sostible, a reducida contaminación, impacto no medio ou pegada de carbono, etc…

Esta nova orientación estratéxica da contratación pública é especialmente relevante no ámbito da compra pública alimentaria, como poñen de relevo experiencias de éxito en diferentes países europeos e noutras comunidades do Estado español, como en Navarra ou Euskadi.

Dende o grupo provincial do BNG en Lugo trasladamos a necesidade de fortalecer o sistema produtivo primario da nosa provincia a través dunha pedra angular: O desenvolvemento dun "Plan de impulso da compra pública alimentaria (CPA)" e de servizos de restauración coas seguintes liñas de actuación:

- Servizos de restauración de comedores escolares, de centros de día, de residencias, de centros hospitalarios, de centros de atención a mulleres e fillos/as vítimas de violencias machistas, de centros tutelares de menores, etc…
- Compra pública de alimentos frescos e de tempada para entidades sociais/para colectivos sociais.

Esta iniciativa debe aplicarase tanto á compra directa da administración como á realizada a través das persoas e empresas adxudicatarias de servizos de restauración. Debe ser de aplicación no sector público autonómico, podendo adherirse voluntariamente as entidades locais, universidades e centros de investigación e demais "Poderes Adxudicadores Non Administración Pública".

Con este plan, a Xunta de Galiza debe proporcionar á sociedade a ferramenta para que nos centros públicos e servizos de restauración se consuman produtos frescos, de tempada, de proximidade, de produción ecolóxica, de produción integrada e en xeral respectuosa coa contorna. Debe priorizar a compra de verduras, froitas e hortalizas frescas, de tempada e de proximidade:

-Promovendo hábitos de consumo saudábeis.




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 33/45 |

-Fomentando o consumo de carne procedente de producións gandeiras extensivas, preferentemente familiares e con produtos de calidade diferenciada certificada.
-Garantindo a oferta de alimentos e menús sen glute.
-Facilitando o aceso a alimentos frescos e de calidade para colectivos con menos recursos.
-Promocionando o sector primario e de pequenos produtores locais (PEMES e cooperativas).
-Conseguindo que o 40% da compra pública alimentaria sexa con produto local, de tempada e de proximidade (produción ecolóxica ou integrada).
-Reducindo a pegada de carbono vencellada á produción, ao transporte e ao consumo

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Demandar da Xunta de Galiza o cambio normativo e legal que permita destinar os recursos humanos e medios materiais necesarios para o desenvolvemento dun "Plan de impulso da compra pública alimentaria (CPA)" no país como instrumento que permita blindar a produción de alimentos propios e fomentar a soberanía alimentaria da poboación ao mesmo tempo que o tecido produtivo primario se ve fortalecido por unhas mellores condicións no prezo de venta".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. Armando Castosa Alvariño e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento auséntase da sesión o señor Deputado D. Miguel Fernández Méndez.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=9




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 34/45 |

**10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA MELLORAR A SEGURIDADE NA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-2901 E PARA CONSTRUIR UNHA VARIANTE NA PARROQUIA DE SAN VICENTE DO BURGO DO CONCELLO DE LUGO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para mellorar a seguridade viaria na estrada provincial LU-P-2901 e para construir unha variante na parroquia de San Vicente do Burgo do concello de Lugo.

*Exposición de Motivos:*

A estrada provincial LU-P-2901 discorre por catro municipios da zona centro da provincia: Lugo, Friol, Guntín e Palas de Rei. Do total dos seus 36,3 km, 14,6 km coinciden co trazado dunha das rutas do Camiño de Santiago, o Camiño Primitivo que é a primeira ruta -a máis antiga- e foi elixida Patrimonio da Humanidade no ano 2015.
Esta é unha vía moi transitada: conta con abundante tráfico rodado e tamén cun importante volume de tráfico peonil, na súa maioría, peregrinos que percorren o Camiño Primitivo ao seu paso pola nosa provincia. A convivencia de vehículos e peóns nesta vía evidencia a necesidade de tomar as medidas de seguridade que sexan necesarias para garantir a seguridade de tódolos usuarios e usuarias.

O escaso ancho da vía -a pesar de que a Deputación de Lugo ten acometido obras para a rehabilitación do firme en distintos puntos desta vía- pode xerar situacións de risco para peóns e condutores. Polo tanto, require actuacións que redunden na mellora da seguridade como, por exemplo, a habilitación dunha senda peonil á marxe da estrada pola que poidan transitar os peregrinos e demais peóns de forma que se separe o seu tránsito do tráfico rodado.

Existe xa un pequeno tramo de senda separada da calzada que, pola súa utilidade, evidencia a necesidade de darlle continuidade para garantir a seguridade de peregrinos e peóns.

Con todo, hai un punto nesta estrada provincial ao seu paso pola parroquia de San Vicente do Burgo, no termo municipal de Lugo, que polas súas características require outro tipo de actuación. O Partido Popular, a través do Grupo Municipal Popular e este Grupo Provincial, ten demandado en varias ocasións que se constrúa unha




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 35/45 |

variante desta estrada na parroquia de San Vicente do Burgo que permita reducir o volume de tráfico rodado e peonil neste núcleo de vías especialmente estreitas no que conviven na actualidade un intenso tráfico de vehículos de todo tipo -incluída maquinaria agrícola- e tránsito de persoas e, incluso, animais.

Esta variante, cuxo proxecto se iniciou no ano 2006, melloraría os tempos de recorrido, incrementaría a seguridade peonil e viaria nesta parroquia do municipio de Lugo e melloraría tamén a calidade de vida dos seus veciños e veciñas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación insta ao equipo de goberno provincial a mellorar a seguridade viaria na estrada LU-P-2901 titularidade da Deputación de Lugo:

- construíndo unha variante da estrada provincial ao seu paso pola parroquia de San Vicente do Burgo, no termo municipal de Lugo

- habilitando unha senda peonil paralela á vía no tramo que coincide co Camiño Primitivo".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, e dos/as señores/as deputados/as Dª. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e Dª. Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

"Substituír a redacción orixinal pola proposta seguinte proposta de acordo:

"Instar á Xunta de Galicia no marco do Plan de Sendas Verdes, no Plan de mantemento e conservación dos Camiños de Santiago ou en ambos, á redacción do proxecto e posterior execución dunha senda peonil que discorra en paralelo á LU-P-2901".

A emenda é rexeitada polo Grupo propoñente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 36/45 |

Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar á moción presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento incorpórase á sesión o señor Deputado D. Miguel Fernández Méndez.

En relación ás incidencias que, últimamente, se están a producir nos Plenos Ordinarios provocadas por un grupo de persoas pertencentes a unha Asociación de Becerreá, co fin de alterar o desenvolvemento do mesmo, indicar que no Pleno celebrado no día de hoxe (25-06-2024) convidouse a abandoar os palcos do Salón de Plenos, a petición do Presidente, a un grupo de dez persoas que, coordinadas por dona Ana María Freijo Maseda, con DNI ***7065**, facían soar os teléfonos móviles simultáneamente. Dona Carmen López González con DNI ***6062** abandoa o lugar gritando en contra da Institución e desprezando o traballo do vixilante de seguridade que a acompaña.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=10

**11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A RETIRAR A NOVA PROPOSTA DO MAPA DE CONCESIÓNS ESTATAIS DE LIÑAS DE AUTOBÚS QUE SUPRIME PARADAS EN 10 CONCELLOS LUCENSES.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao Goberno de España a retirar a nova proposta




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 37/45 |

do mapa de concesións estatais de liñas de autobús que suprime paradas en 10 concellos lucenses.

*Exposición de Motivos:*

As liñas regulares de transporte de viaxeiros por autobús son claves para garantir e favorecer a mobilidade dos cidadáns, en especial daqueles que viven en zonas rurais e con menor densidade de poboación, e tamén para comunicar e vertebrar a nosa comunidade e conectala co resto de España.

O transporte interurbano de viaxeiros por estrada é un servizo de carácter público de competencia estatal prestado mediante un contrato de concesión. Polo tanto, corresponde ao Goberno de España e, en particular, ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, deseñar a rede estatal.

No ano 2022 tivo lugar un primeiro intento de impoñer un novo mapa de rutas do autobús estatal, que provocou gran alarma e alegacións tanto entre os gobernos autonómicos como entre a cidadanía, pola supresión de paradas e rutas.

A pesar de que no seu momento se retirou esta proposta, ante o rexeitamento que provocou, hoxe sabemos que lonxe de rectificar o Goberno de España, presidido por Pedro Sánchez, volve a propoñer un novo mapa que retoma a indisimulada intención de suprimir paradas e rutas en termos semellantes aos do ano 2022.

A nova proposta faise desde a imposición, sen contar coas comunidades autónomas, nin atender ás alegacións presentadas desde Galicia e tamén dende o Grupo Provincial Popular nesta institución. O Goberno galego sempre defendeu que se tivera en conta as peculiaridades xeográficas e de poboación da nosa comunidade e se prestase especial atención ás conexións no rural.

A intención do Goberno de España vai na dirección contraria xa que logo, co mapa proposto, 23 municipios galegos -practicamente a metade pertencentes á provincia de Lugo- con máis de 136.000 habitantes quedarían illados nas rutas estatais e, complementariamente, pretende suprimir os tráficos dentro da propia comunidade que si se viñan prestando ata o de agora. Son dez os concellos da provincia de Lugo nos que se suprimirían as paradas: A Pontenova, As Nogais, Baralla, Chantada, Guitiriz, Meira, Monterroso, O Corgo, Palas de Rei e Quiroga.

Con este modo de entender o servizo público, os responsables políticos da administración central poñen por riba do equilibrio territorial criterios económicos que só levan ao deterioro do transporte público e van en contradición coas necesidades de comunidades como a galega.




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 38/45 |

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial acorda trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1.- A retirada da nova proposta do mapa de concesións estatais de liñas de autobús, xa que recorta o servizo e deteriora a calidade deste transporte público.

2.- Negociar coas comunidades autónomas o alcance e contido dun novo mapa estatal, para tal fin, convocarase urxentemente a Conferencia Nacional de Transportes.

3.- Que calquera proposta que pretenda establecerse incorpore as demandas trasladadas desde Galicia en relación con este servizo de mobilidade, en particular, que se teñan en conta as peculiaridades xeográficas e de poboación da nosa Comunidade e se preste especial atención ás conexións do e no rural".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, e dos/as señores/as deputados/as Dª. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e Dª. Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=11

**ASUNTO DE URXENCIA**

Neste momento da sesión do Pleno, o Presidente anuncia que se vai someter a declaración de urxencia e a votación unha Declaración Institucional que foi consensuada por tódolos Grupos Políticos na Xunta de Voceiros celebrada no día de hoxe.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 39/45 |

**Declaración Institucional Día Internacional do Orgullo LGTBIQA+.**

O texto da Declaración Institucional di o seguinte:

"Un ano máis, a Deputación provincial de Lugo quere sumar o seu apoio aos actos de conmemoración e celebración do Día Internacional do Orgullo LGTBIQA+. Cumpre facelo recoñecendo o camiño percorrido dende aquel día de 1969 no que un grupo de persoas decidiron plantar fronte á discriminación que sufrían por motivo da súa orientación sexual.

A sociedade galega e española, como o conxunto das sociedades democráticas occidentais, foi incorporando as demandas do colectivo LGTBIQA+ ás axendas políticas e lexislativas. Avanzamos cara a plena igualdade de dereitos, cara o recoñecemento do matrimonio entre persoas do mesmo sexo, e avanzamos na concienciación da lacra que supoñen os delitos de odio e calquera tipo de violencia – física ou verbal – cara ás persoas do colectivo.

Pero a Historia ensínanos que os avances, dos que temos que estar orgullosos, nin son lineais, nin se poden deixar de defender en ningún momento. A situación das persoas do colectivo LGTBIQA+ non é a mesma nas contornas urbanas que nas rurais, que son as maioritarias na nosa provincia.

Cumpre seguir traballando para que a igualdade sexa efectiva no conxunto do territorio, e que as persoas do colectivo LGTBIQA+ reciban o respaldo específico que precisan.

E mesmo nos contornos urbanos, temos que subliñar a nosa preocupación polo incremento de delitos de odio motivados pola orientación e identidade sexual ou a expresión de xénero. Un fenómeno que está directamente relacionado co ascenso das forzas políticas da extrema dereita que, no noso país como no conxunto de Europa, pretenden enarborar estandartes de odio para ocultar a súa falta de ideas de xestión.
Temos que aprender da nosa historia, que nos lembra con contundencia os destinos de escuridade aos que nos leva o camiño do odio. A violencia machista, a violencia racista e a violencia contra o colectivo LGTBIQA+ son distintas cabezas dun mesmo monstro ante o que non podemos ceder nunca máis.

Dende a Deputación rexeitamos con total contundencia estes comportamentos, e loitamos contra eles. Primeiro apostando pola educación na diversidade e na tolerancia. E axudando ós concellos a desenvolver programas de información e de atención ó colectivo LGTBIQA+. Os concellos teñen que ser o primeiro punto de apoio das persoas do colectivo no rural, escoitando as súas demandas, prestándolles apoio e




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 40/45 |

facilitando os mecanismos para animar a denunciar con total garantía calquera agresión ou comportamento punible.

A Deputación vén loitando sempre contra todo tipo de fenda que separe o urbano do rural. Reclamamos os mesmos servizos públicos, reclamamos a mesma cobertura tecnolóxica e, por suposto, reclamamos unha plena igualdade en todo o territorio para todas as persoas, sen distinción de raza, lugar de orixe, relixión, orientación sexual ou expresión de xénero".

A declaración de urxencia é aprobada por unanimidade.

Asi mesmo o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á Declaración Institucional anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=12

**12.- TOMA DE COÑECEMENTO E DECLARACIÓN DE VACANTE POR RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADA PROVINCIAL DE DONA CARMEN JOSÉ LÓPEZ RODRÍUGEZ.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Tras ver o escrito presentado en data dezasete de xuño de dous mil vinte e catro, pola señora Deputada Provincial desta Corporación, dona Carmen José López Rodríguez, membro do Grupo Provincial Popular, polo que manifesta a súa renuncia ó cargo de Deputada Provincial.

Resultando que de conformidade co artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/86, do 28 de novembro) en relación co art. 208 da Lei Electoral Xeral, a renuncia é causa de perda da condición de Deputada Provincial.

Considerando que a declaración de vacante é competencia do Pleno; e de conformidade coa Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, deberá indicarse o nome da persoa que, a xuízo desta Corporación, corresponde cubrir a vacante. Debendo comunicarse tal evento á Xunta Electoral de Zona, para os efectos de proceder a cubrir a vacante na forma prevista no art. 208.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Vistos os artigos citados, e informe xurídico que obra no expediente, proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 41/45 |

**1º.-** Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de Deputada Provincial presentada por dona Carmen José López Rodríguez.

**2º.-** Declarar a vacante producida pola renuncia ao cargo de Deputada Provincial de dona Carmen José López Rodríguez; correspondendo cubrir a vacante, a xuízo desta Corporación, a don Héctor Manuel Corujo González, por ser o primeiro suplente que figura na Acta da Xunta Electoral de Zona de Lugo de data vinte e un de xuño de dous mil vinte e tres; e comunicalo á Xunta Electoral de Zona para a súa provisión legal".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=13

**PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

**13.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL DUN DEPUTADO PROVINCIAL.**

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Presidencia de data dezaoito do presente mes de xuño, relativa ao desempeño do cargo do Deputado Provincial Don José María Fernández Vázquez, membro do Grupo Provincial Popular, en réxime de dedicación parcial.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=14

**14.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ó trinta e un de maio de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1969 ao 2573. O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=15

**15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=16

**16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | **Fecha y Hora** | 16/07/2024 22:41:32 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| **Firmado por** | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| **Firmado por** | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | **Página** | 42/45 |

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

**R O G O S**

**Primeiro.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ó parque comarcal de Monforte, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A pesar de que o goberno provincial non permitiu que os deputados deste Grupo visitaran as instalacións do parque comarcal de bombeiros de Monforte de Lemos, temos constancia de diversas deficiencias como goteiras en distintas zonas do interior das instalacións (na zona dos vehículos, nos vestiarios...) ou escaseza de material e medios de traballo, todas elas xa comunicadas polo persoal ao Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de Lugo.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que se dirixa á presidencia e á xerencia do Consorcio para que corrixan canto antes as deficiencias no parque comarcal de Monforte e doten de material e equipos de protección individual suficientes para desenvolver o seu traballo en condicións dignas e de seguridade".

**Segundo.-** Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo aos traballos de desbroce das marxes das estradas provincias, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A Deputación de Lugo é a responsable do mantemento e conservación das estradas provinciais para garantir a seguridade dos seus usuarios.

Son moitas as vías provinciais que se atopan en mal estado con firmes desgastados ou incluso con importantes fochancas que dificultan a circulación.

Esta situación que pode xerar riscos entre os condutores e ocupantes dos vehículos agrávase de cara ao verán por ser a época na que medra a maleza nas súas beiras que,




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 43/45 |

nalgúns casos, ocupa parte da vía ou contribúe a reducir significativamente a visibilidade dos condutores.

Os procedementos de contratación do servizo de desbroce das marxes das estradas provinciais non están resoltos na súa totalidade a comezos do verán e, ademais, unha vez adxudicados aínda pode tardar en prestarse o servizo.

Hai que lembrar tamén que a limpeza das marxes das estradas tamén contribúe á loita contra os incendios forestais.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Os traballos de desbroce das marxes das estradas provinciais comecen o antes posible e que o vindeiro ano se axilicen estes traballos para dispoñer xa a comezos do verán dunhas vías titularidade da Deputación de Lugo en condicións de seguridade; ao mesmo tempo que se proxecta unha boa imaxe da nosa provincia ás persoas que nos visitan durante a época estival".

**P R E G U N T A S**

**Primeira.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao polígono industrial de O Pousadoiro, en Ourol, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O polígono industrial de O Pousadoiro, no municipio de Ourol, componse de 3 parcelas. Unha delas conta cunha nave abandonada e as outras dúas -unha de 539,92 $m^2$ e outra de 14.330 $m^2$- están dispoñibles despois de saír á venda mediante sistema de poxa pública a comezos do 2022 quedando deserto o procedemento por non se teren presentado ofertas.

A parcela de maior superficie está actualmente ateigada de árbores e vexetación, ademais de contar con rochas e penedos de gran tamaño. Non se realizaron nin as divisións nin o desmonte. Estas condicións non parecen as axeitadas para facer atractiva a parcela para a súa venda xa que pola súa extensión o seu prezo será moi elevado – atendendo ao prego de cláusulas administrativas particulares reitor do alleamento de parcelas de solo empresarial propiedade da Deputación Provincial mediante poxa sería de máis de 333.000 euros- e ao non estar realizado o desmonte requiriría doutro gasto para acondicionala para o seu uso.




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 44/45 |

Estas circunstancias fan que nin as parcelas nin o polígono industrial sexa atractivo nin competitivo e, polo tanto, non contribúe ao desenvolvemento empresarial da zona.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que accións ten previsto o goberno provincial para reactivar o polígono industrial de O Pousadoiro, en Ourol?"

**Segunda.-** Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á recepción dos Alcaldes por parte do Presidente da Deputación, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Temos coñecemento de que varios alcaldes do Partido Popular que representan a tódolos veciños e veciñas de diferentes Concellos da provincia de Lugo teñen solicitado manter reunión co presidente da Deputación de Lugo, D. José Tomé Roca, sen que ata o momento os teña recibido persoalmente.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cal é o motivo polo que o señor presidente, D. José Tomé Roca, non teña recibido persoalmente aos alcaldes do PP que gobernan na metade dos Concellos da provincia de Lugo?"

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240625&punto=17

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos horas do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.




| | IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Fecha y Hora | 16/07/2024 22:41:32 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUMJZPNXIZNM42YMGDZIRF4 | Página | 45/45 |